



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE OUTUBRO DE 2018**

### **LICENZAS**

#### **PARCELAMENTOS.-**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/1383/2018.- CARMEN NIETO PÉREZ.-** Conceder licenza para substitución da cuberta en edificio de vivendas situado na rúa Vista Alegre nº 185.

**LIC/457/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS XENERAL PARDIÑAS 15-17.-** Conceder licenza para reforma de dous portais para mellora de accesibilidade en edificio de vivendas existente situado na rúa Xeneral Pardiñas nº 15 – 17.

**LIC/191/2018.- GALIVIVIENDA SOCIEDAD COOPERATIVA.-** Conceder licenza para a construción de 18 vivendas unifamiliares e garaxe común na Parcela A1 do SUNP 11 Castiñeiriño.

**LIC/1868/2008.- JOSÉ CARLOS GÓMEZ GONDELLE.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a legalización de vivenda unifamiliar situada na rúa Outeiro Vello nº 31.

#### **DESFAVORABLES.-**

**LIC/1189/2018.- SIGRID KATIA PROVOST ARIAS.-** Denegar a licenza para a reforma de cuberta de vivenda unifamiliar existente situada na rúa Canteira de Arriba nº 40.

**LIC/738/2018.- ROSA MARÍA DE LA TORRE GARCIA.-** Denegar a licenza de legalización de reforma de vivenda situada na rúa do Hórreo nº 51 – Baixo.

**LIC/239/2018.- JOSÉ LUIS LOSADA BELLO.-** Rexeitar o recurso de reposición interposto contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de xuño de 2018 polo que se resolveu rexeitar a solicitude de licenza de ampliación de vivenda situada na rúa da Cañería, 17.

#### **PARCELAMENTO.-**

**LIC/238/2014.- HERMANOS PUENTE LISTE, S. L.-** Conceder licenza de segregación das parcelas sitas no Parque Empresarial da Sionlla propiedade de Xestur, S. A, para a súa agrupación en único acto á parcela 128 do plan parcial do SUNP-37 de Costa Vella do solicitante sita en rúa República Checa nº 27.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para substitución da cuberta en edificio de vivendas situado na rúa Vista Alegre nº 185. LIC/1383/2018.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para reforma de dous portais para mellora de accesibilidade en edificio de vivendas existente situado na rúa Xeneral Pardiñas nº 15 - 17. LIC/457/2018.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción de 18 vivendas unifamiliares e garaxe común na Parcela A1 do SUNP 11 Castiñeiriño. LIC/191/2018.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a legalización de vivenda unifamiliar situada na rúa Outeiro Vello nº 31. LIC/1868/2008.** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación de licenza para a reforma de cuberta de vivenda unifamiliar existente situada na rúa Canteira de Arriba nº 40. LIC/1189/2018. Apróbase a proposta.**

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación da licenza de legalización de reforma de vivenda situada na rúa do Hórreo nº 51 - Baixo. LIC/738/2018. Apróbase a proposta.**

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento do recurso de reposición interposto contra o acordo da sesión do 22 de xuño de 2018 polo que se resolveu rexeitar a solicitude de licenza de ampliación de vivenda situada na rúa da Cañería, 17. LIC/239/2018. Apróbase a proposta.**

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de segregación das parcelas sitas no Parque Empresarial da Sionlla propiedade de Xestur, S. A, para a súa agrupación en único acto á parcela 128 do plan parcial do SUNP-37 de Costa Vella do solicitante sita en rúa República Checa nº 27. LIC/238/2014. Apróbase a proposta.**

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica de Santiago (PE-1) para a ampliación de usos no EM-9. Seminario Menor. Belvís. Apróbase a proposta.**

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e ECOEMBES para a mellora da recollida selectiva de envases lixeiros. Apróbase a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e Ecoembres para a mellora da recollida selectiva de envases lixeiros. En virtude do acordo, Ecoembres entregará ao Concello contedores destinados á recollida de envases lixeiros para a súa localización na vía pública, ata un importe máximo de 11.430 euros, IVE incluído. O financiamento dos contedores será asumido na súa totalidade por Ecoembres.**

**12 a 54.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre construcións, instalacións e obras. Apróbase a proposta.**

**55.- Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta.**

**56.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída no contrato do "Subministro de prendas de confección a medida, prendas para o auga, calzado e complementos de uniformidade (subdivido en catro lotes diferenciados pola súa natureza) para a policía local do Concello de Santiago de Compostela". Apróbase a proposta.**

**57.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída no contrato do "Subministro de prendas superiores impermeables para a auga, calzado e complementos de uniformidade (subdivido en 3 lotes diferenciados pola súa natureza) para a Policía Local de Santiago de Compostela". Apróbase a proposta.**

**58.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída no "Contrato Administrativo Especial para a Conservación e Mantemento do Cemiterio municipal de Santiago de Compostela". Apróbase a proposta.**

**59.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE RESTAURACIÓN Y HOSPEDAJE DE SANTIAGO, para promover accións piloto no eido do proxecto ATLANTIC SOCIAL LAB. Apróbase a proposta.**

**60.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato das "Obras para execución dun aparcamento provisional disuasorio na parcela EQ1 do parque da Sionlla"; e outros**

**extremos.** Acórdase adjudicar o contrato de referencia a favor da empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA, por un importe de 350.418,95 euros, IVE incluído.

**61.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adjudicación do contrato de "Servizo de execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos varios municipais do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela -Campaña complementaria 2018."** Acórdase adjudicar o contrato de referencia a favor da empresa Obras y Viales de Galicia SL, por un importe máximo de 121.000 euros, IVE incluído.

**62.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á concesión de novas estadias técnicas e residencias de creación artística para proxectos de artes escénicas para o curso 2018-2019, do concello de Santiago.** Apróbase a resolución da convocatoria de residencias de creación e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas na Sala Agustín Magán do Centro Cívico de Santa Marta, coas seguintes compañías beneficiarias e segundo o seguinte calendario:

\_Compañía Voadora: do 5 ao 9 de novembro e do 10ao 21 de decembro, para o proxecto "Viñemos dalo todo"

\_Compañía Cia IO: do 1 ao 22 de febreiro de 2019, co proxecto "Circurity"

\_Compañía XamPatito Pato: do 10 ao 12 de outubro, do 17 ao 19 de outubro, o 22 de outubro, e do 29 de outubro ao 2 de novembro, co proxecto "Só"

\_Compañía Circo Chosco: do 23 ao 26 de outubro, para o proxecto "Riscando o ceo"

\_Modifícanse as datas de residencia da compañía Monicreques de Kukas, que pasan a ser do 4 ao 22 de marzo de 2019.

**63.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á declaración de responsabilidade da empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. e imposición dunha sanción no contrato de "prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza en varias instalacións deportivas municipais".** Declárase a responsabilidade da empresa Lacera Servicios y Mantenimiento SA pola infracción de carácter moi grave tipificada no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato para a Prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza en varias instalacións deportivas municipais ao quedar acreditado que non subrogou no contrato de referencia, tal e como esixía o convenio colectivo laboral de aplicación e se establecía na súa oferta, as tres persoas adscritas ao servizo nas instalacións deportivas de Conxo, que procedían da anterior contrata prestataria do servizo. Acórdase impoñer á empresa a sanción de multa no seu grado máximo, cun importe de 30.050,060 euros que se fará efectiva mediante a dedución das cantidades que en concepto de pagos parciais deban abonarse á empresa pola execución do contrato.

**64.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á cesión con carácter gratuíto do estadio municipal de San Lázaro á Federación Galega de Fútbol para a FINAL DE COPA DA RFEF, FASE AUTONÓMICA; e outros extremos.** Apróbase a cesión puntual e gratuíta para a celebración da citada competición, programada para o mércores 10 de outubro.

**65.- Convalidación da solicitude de subvención concedida ao abeiro do proxecto europeo TROPA VERDE, dentro do programa URBACT III (2014-2020), no marco da convocatoria de 15.9.17 ao 10.1.18.** Acórdase convalidar a solicitude de axuda efectuada para participar na convocatoria do programa europeo URBACT III co proxecto denominado "Tropa Verde, rewarding recycling!", do que o Concello é Xefe de Fila. Acórdase tamén aceptar a subvención concedida ao abeiro do programa URBACT III, e apróbbase a creación do proxecto de gasto polo importe total do proxecto de 54.350 euros.

**66.- Dar conta polo concelleiro delegado de Educación do fallo do xurado do XI premio COMPOSTELA para álbums ilustrados 2018.** Dase conta do fallo do xurado do XI Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados, que nesta edición recaeu na obra presentada baixo o lema "Cándido y los demás", de Fran Pintadera e Christian Inaraja.

**67.- Dar conta da sinatura do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Brión, Teo e Val do Dubra para regular o proxecto "Parque Compostela Rupestre".** Dáse conta.

**68.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia para a execución dunha parada de autobús na rúa Clemente Fernández Sarela. Dáse conta.**

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á encomenda a Tussa do estudo para a xestión directa das novas áreas de estacionamento que se están a construír na cidade de Santiago.** Acórdase encomendarlle a Tussa o estudo para a xestión directa das áreas de estacionamento de Pontepedriña, avenida de Ferrol e o aparcadoiro soterrado do Olvido, así como das outras áreas ou estacionamentos que poidan estar en estudo por parte do Concello.

**2.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación das tarifas do recinto feiral de Amio, en execución da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Santiago de Compostela.** Apróbbase a proposta.

**3.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa á renuncia á titularidade dunha caseta da Praza de Abastos.** Apróbbase a proposta.

**4.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Servizo de execución do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na ludoteca das Fontiñas, no centro educativo e de lecer María Miramontes.** Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 143.449,06 euros, IVE incluído.